

ACTA DA SESION ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CORRESPONDENTE O DIA 20 DE XULLO DO 2009.-

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día vinte de xullo de dous mil nove; a unha e media do mediodía xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, Don Marcos Blanco Jorge.- Concelleiros: Don Anxo Collarte Pérez, Don José Ignacio Gómez Pérez e Dona Manuela Iglesias Collarte. Non asiste Don Emilio José Cuiñas Otero.-

Está presente o Secretario do concello, Don Pablo Portela Fernández.

Está presente o Interventor do concello, Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan ser os seguintes:

1.- ACTA ANTERIOR.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado 13 de xullo do dous mil nove (Ordinaria).

2.- OBRAS MAIORES.-

Non houbo.

3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIADÁNS.

1º.- ACOMETIDAS DE AUGA.-

“Visto o escrito presentado por **don Gustavo Bangueses Gil**, con domicilio en Carretera de San Cristóbal, No.176, no que prega se lle autorice a correspondente acometida de auga para a Carretera de San Cristóbal, No. 176, Ribadavia”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda conceder o dereito de acometida para o uso doméstico, que será supervisada pola empresa concesionaria do servizo; o interesado fará aboamento no Concello da cantidade de 42,07 euros, en concepto de dereitos de acometida, sen o cal requisito esta licenza ficará nula e sen efecto, de acordo co que establece a Ordenanza fiscal da taxa polo subministro de auga, artigo 4, parágrafo 2º, apartado a). Asemade, acorda tamén que se lle comunique este acordo á empresa concesionaria do servizo”.

“Visto o escrito presentado por **dona Almudena García Vidal**, con domicilio en Carretera de Francelos, No.100, 3º, no que prega se lle autorice a correspondente acometida de auga para a Carretera de Francelos, No.100, 3º, Ribadavia”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda conceder o dereito de acometida para o uso doméstico, que será supervisada pola empresa concesionaria do servizo; o interesado fará aboamento no Concello da cantidade de 42,07 euros, en concepto de dereitos de acometida, sen o cal requisito esta licenza ficará nula e sen efecto, de acordo co que establece a Ordenanza fiscal da taxa polo subministro de auga, artigo 4, parágrafo 2º,

apartado a). Asemade, acorda tamén que se lle comunique este acordo á empresa concesionaria do servizo".

“Visto o escrito presentado por **don Tito Rodríguez Martínez**, con domicilio en Muñoz Calero, No.4, 3ºF , no que prega se lle autorice a correspondente acometida de auga para a Rúa Veronza (Inmuebles Tiroma), No.59, Ribadavia”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda conceder o dereito de acometida para o uso industrial, que será supervisada pola empresa concesionaria do servizo; o interesado fará aboamento no Concello da cantidade de 42,07 euros, en concepto de dereitos de acometida, sen o cal requisito esta licenza ficará nula e sen efecto, de acordo co que establece a Ordenanza fiscal da taxa polo subministro de auga, artigo 4, parágrafo 2º, apartado a). Asemade, acorda tamén que se lle comunique este acordo á empresa concesionaria do servizo".

2º. CUALIFICACIÓNS PROVISIONAIS

“Vista a solicitude de **dona Mª Regina Vazquez Vazquez**, con domicilio na Travesía da Oliveira nº7 1º 32400 Ribadavia, no que solicita subvención para actuacións na área de rehabilitación do Casco Histórico de Ribadavia para a rúa Travesía da Oliveira nº7 1º Ribadavia, a Xunta de Goberno Local de acordo coa Ordenanza reguladora das actuacións na área de rehabilitación do Casco histórico de Ribadavia e tendo en conta a documentación obrante no expediente e o informe da Oficina de Rehabilitación do Casco Histórico de Ribadavia, por unanimidade dos asistentes, acorda informar favorablemente a solicitude propoñendo a aprobación da Cualificación provisional, remitindo o expediente o Instituto Galego de Vivenda e Solo.”

3º SOLICITUD PARTICULAR

Escrito da Asociación “ACAPAG” , mediante o que se solicita o cumprimento en materia de seguridade social das normas aplicables aos postos de venda ambulante no mercadillo.

A Xunta de Goberno Local acorda por unanimidade dos seus membros, estudar se realmente se estan cumprindo ou non a normativa aplicable no seu caso proceder a subsanación das posibles deficiencias existentes no funcionamento do servizo.

4.- ESCRITOS OFICIAIS.-

Os membros da Xunta de Goberno Local toman coñecemento dos seguintes:

1º.-Escrito da Consellería de Presidencia Administracións Públicas e xustiza, con data de entrada no Concello de 17 de xullo do 2009 e nº RE 4357, no que se comunica o incoado expediente sancionador.

2º.- Escrito da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, con data de entrada no Concello de 3 de xuño de 2009 e nº RE 3508, na que dan autorización o Concello de Ribadavia para realización de tal obra.

3ª Escrito da Consellería de Medio Rural con data de rexistro de entrada de 17 de xullo de 2009, número RE 4498, que se remite un exemplar dos proxectos de obras do PEIM, concretamente ao proxecto reafirmado de camiños en Francelos.

5.- CUESTIONS ECONOMICAS E ASUNTOS VARIOS.-

RECTIFICACIÓN DE ERRO MATERIAL

Detectado erro na Xunta de Goberno Local de data 6 dexullo de 2009, no acordo referido a outorgamento de Licencia de obra e actividade a dona Carla Varela González, onde di:

“A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda :

Primeiro.- Conceder Licenza de obra e de apertura a **dona Carla Varela Gonzalez**, dunha actividade para local comercial na Rúa Merelles Caula nº 14 Porta Nova de Arriba/Abaixo, desta vila, cuxa eficacia será nula en tanto en canto non se aboe a correspondente taxa pola apertura de establecementos que ascende, segundo liquidación practicada polo Interventor do Concello, a contía de 67,91euros.

Segundo.- Conceder licencia de obra para acondicionamento de baixo para local comercial a dona Carla Varela Gonzalez, que deberá aboar polo concepto de instalacións, construcións e obras o importe de 1.172,59€ .

Terceiro.- A expedición da correspondente licenza pola Secretaría do Concello, que servirá ao interesado como documentos acreditativo desta concesión.

Cuarto.- Comunicar o presente acordo ao interesado.”

Debe dicir:

“A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda :

Primeiro.- Conceder Licenza de obra e de apertura a **dona Carla Varela Gonzalez**, dunha actividade para local comercial na Rúa Merelles Caula nº 14 Porta Nova de Arriba/Abaixo, desta vila, cuxa eficacia será nula en tanto en canto non se aboe a correspondente taxa pola apertura de establecementos que ascende, segundo liquidación practicada polo Interventor do Concello, a contía de 67,91euros.

Segundo.- Conceder licencia de obra para acondicionamento de baixo para local comercial a dona Carla Varela Gonzalez, que deberá aboar polo concepto de instalacións, construcións e obras o importe de 326,74 euros

Terceiro.- A expedición da correspondente licenza pola Secretaría do Concello, que servirá ao interesado como documentos acreditativo desta concesión.

Cuarto.- Comunicar o presente acordo ao interesado.”

OUTORGAMENTO LICENCIA DE APERTURA.-

“Visto o escrito de don **Miguel Dávila Álvarez**, onde solicita Licenza de Obras e actividade para acondicionamento para actividade de clínica de fisioterapia.

Visto o informe da arquitecta Dona Mercedes Álvarez López de data 17.07.09 no que se fan as seguintes consideracións:

Visto o expediente de referencia, considero oportuno informar o seguinte:

As obras de adaptación do local contan con Licenza de Obras e Licenza Provisional de Actividade, de data de 13 de febreiro de 2006, segundo Proxecto

Técnico e Anexo redactado polo arquitecto técnico D. Amando Canitrot Pérez, estando o seu cargo a Dirección da Execución Material das Obras.

O Certificado Final de Dirección de Obra está firmado polo arquitecto técnico redactor do proxecto e director das obras, D. Amando Canitrot Pérez.

Na visita de comprobación, realizada con data do 16 de xullo de 2009, obsérvase que o local se axusta ó citado Proxecto Técnico e Anexo, respecto ó que se concedeu as correspondentes Licenza de Obras e Licenza Provisional de Actividade.

Por elo, informase favorablemente á concesión da Licenza de Actividade solicitada.

Visto o Informe Xurídico de data 17-07-09 no que se fan as seguintes consideracións:

1º.- O art. 196 parágrafo 2º establece os supostos que esixan licencia de actividade clasificada ou de apertura e, ademais, licencia urbanística serán obxecto dunha soa resolución, sen perxuízo da formación e tramitación simultánea de pezas separadas para cada intervención administrativa.

A proposta de resolución da solicitude de licencia de actividade clasificada ou de apertura terá prioridade sobre a correspondente licencia urbanística. Se procedese denegar a primeira, notificaráselle así ao interesado e non será necesario resolver sobre a segunda.

2º.- Respecto da legalidade do outorgamento da licencia de obras debemos partir da previsión do art. 195 parágrafo 3º da lei 9/2002 que establece que se exceptúa da necesidade de presentación de proxecto técnico a execución de obras ou instalacións menores, considerándose como menores aquelas obras e instalacións de técnica simple e escasa entidade constructiva e económica que non supoña alteración do volume, do uso, das instalacións e servicios de uso común ou do número de vivendas de locais, nin afecten ao deseño exterior, a cimentación, a estrutura ou as condicións de habitabilidade ou seguridade dos edificios ou instalación de toda clase. Así mesmo establece que en ningún caso se entederan como obras menores os muros de contención.

3º.- Por outra banda a xurisprudencia do STS entende que son obras menores aquelas caracterizadas por ser de sencilla técnica e escasa entidade constructiva e económica consistindo normalmente en pequenas obras de simple reparación, ornato, ou encerramento que non precisan de proxecto firmado por provisionais titulados nin de orzamentos elevados (STS do 21 de Febreiro de 1984), entendendo que as obras solicitadas se entenden como maiores considerando así o informe técnico.

4º.- O art. 196 parágrafo 2º establece os supostos que esixan licencia de actividade clasificada ou de apertura e, ademais, licencia urbanística serán obxecto dunha soa resolución, sen perxuízo da formación e tramitación simultánea de pezas separadas para cada intervención administrativa.

A proposta de resolución da solicitude de licenzas de actividade clasificada ou de apertura terá prioridade sobre a correspondente licenza urbanística. Se procedese denegar a primeira, notificaráselle así ao interesado e non será necesario resolver sobre a segunda.

Por tanto aos efectos de eliminar calqueira posible responsabilidade patrimonial da administración, de acordo cos art. 139 e seguintes da Lei 30/92 de Procedemento administrativo común, parecería oportuno resolver previa ou no seu caso simultaneamente sobre a licenza de apertura, con preferencia sobre a de obras, posto que de resolver favorablemente a licenza de obras denegando posteriormente o outorgamento de licenza de apertura produciríase un perxuízo para o particular derivado do actuar administrativo, do que a administración sería directamente responsable.

*5º- Aínda que do articulado da Louga e do Regulamento de servizos das entidades locais, non se deduza unha visita de comprobación previa antes do outorgamento da licenza definitiva, non obstante para a correcta comprobación do cumprimento da legalidade urbanística considero imprescindible a existencia da mesma, o cal podería ampararse nas chamadas “*condiciones iuris*” entendendo así a STS do 02/02/1989 “**que con estas condiciones iuris, faise viable o outorgamento dunha licenza completando extremos dun proxecto non axustado á ordenación urbanística sendo de añadir que tales condicións deben ser introducidas por virtude das esixencias do principio de proporcionalidade, cando a acomodación da petición á legalidade aplicable resulte posible con facilidade e sen alterar a actuación pretendida**”*

A estes efectos como se deduce do informe técnico municipal de data de 17 de xullo de 2009, o local se asusta o proxecto técnico e anexo respecto do que se concederon as licenzas de obra e provisional de actividade.

CONCLUSIÓNS

Este é o parecer non vencellante do informante do que o seu carácter favorable se supedita ao cumprimento das condicións reflectidas nos correspondentes informes técnico e xurídicos.

“A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda :

Primeiro.- Conceder Licenza definitiva de apertura a **don Miguel Dávila Álvarez**, para actividade de clínica de fisioterapia.

Segundo.- Para plena efectividade da licenza deberá procederse ao pago da liquidación da taxa por licenza de apertura xirada polo señor interventor cunha cuantía de 171,57 euros”.

OUTORGAMENTO LICENCIA DE APERTURA.-

“Visto o escrito de don **Agustín Delgado Provencio**, onde solicita Licenza de Obras e actividade para acondicionamento dun local para actividade de adecuación de local para oficina de seguros, segundo Proxecto Básico e de Execución que se presenta.

Visto o informe da arquitecta Dona Mercedes Álvarez López de data 18.06.09 no que se fan as seguintes consideracións:

Vista a documentación e o local de referencia, estimo oportuno informar o seguinte:

As obras de adaptación do local contan con Licenza de Obras de data de 20 de outubro de 2008, segundo Proxecto Básico e de Execución redactado polo arquitecto técnico D. Joaquín Noval Fernández, estando o seu cargo a Dirección da Execución Material das Obras.

O Certificado Final de Dirección de Obra está firmado polo arquitecto técnico redactor do proxecto e director das obras, D. Joaquín Noval Fernández.

Na visita de comprobación, realizada con data do 17 de xuño de 2009, obsérvase que o local se axusta ó citado Proxecto Técnico, respecto ó que se concedeu a correspondente Licenza de Obras.

Por elo, informase favorablemente á concesión da Licenza de Actividade solicitada.

Visto o Informe Xurídico de data 17-07-09 no que se fan as seguintes consideracións:

1º.- O art. 196 parágrafo 2º establece os supostos que esixan licencia de actividade clasificada ou de apertura e, ademais, licencia urbanística serán obxeto dunha soa resolución, sen perxuízo da formación e tramitación simultánea de pezas separadas para cada intervención administrativa.

A proposta de resolución da solicitude de licencia de actividade clasificada ou de apertura terá prioridade sobre a correspondente licencia urbanística. Se procedese denegar a primeira, notificaráselle así ao interesado e non será necesario resolver sobre a segunda.

2º.- Respecto da legalidade do outorgamento da licencia de obras debemos partir da previsión do art. 195 parágrafo 3º da lei 9/2002 que establece que se exceptúa da necesidade de presentación de proxecto técnico a execución de obras ou instalacións menores, considerándose como menores aquelas obras e instalacións de técnica simple e escasa entidade constructiva e económica que non supoña alteración do volume, do uso, das instalacións e servizos de uso común ou do número de vivendas de locais, nin afecten ao deseño exterior, a cimentación, a estrutura ou as condicións de habitabilidade ou seguridade dos edificios ou instalación de toda clase. Así mesmo establece que en ningún caso se entenderan como obras menores os muros de contención.

3º.- Por outra banda a xurisprudencia do STS entende que son obras menores aquelas caracterizadas por ser de sencilla técnica e escasa entidade constructiva e económica consistindo normalmente en pequenas obras de simple reparación, ornato, ou encerramento que non precisan de proxecto firmado por provisionais titulados nin de orzamentos elevados (STS do 21 de Febreiro de 1984), entendendo que as obras solicitadas se entenden como maiores considerando así o informe técnico.

4º.- O art. 196 parágrafo 2º establece os supostos que esixan licencia de actividade clasificada ou de apertura e, ademais, licencia urbanística serán obxeto dunha soa

resolución, sen perxuízo da formación e tramitación simultánea de pezas separadas para cada intervención administrativa.

A proposta de resolución da solicitude de licenzas de actividade clasificada ou de apertura terá prioridade sobre a correspondente licenza urbanística. Se procedese denegar a primeira, notificaráselle así ao interesado e non será necesario resolver sobre a segunda.

Por tanto aos efectos de eliminar calqueira posible responsabilidade patrimonial da administración, de acordo cos art. 139 e seguintes da Lei 30/92 de Procedemento administrativo común, parecería oportuno resolver previa ou no seu caso simultaneamente sobre a licenza de apertura, con preferencia sobre a de obras, posto que de resolver favorablemente a licenza de obras denegando posteriormente o outorgamento de licenza de apertura produciríase un perxuízo para o particular derivado do actuar administrativo, do que a administración sería directamente responsable.

*5º- Aínda que do articulado da Louga e do Regulamento de servizos das entidades locais, non se deduza unha visita de comprobación previa antes do outorgamento da licenza definitiva, non obstante para a correcta comprobación do cumprimento da legalidade urbanística considero imprescindible a existencia da mesma, o cal podería ampararse nas chamadas "conditiones iuris" entendendo así a STS do 02/02/1989 "**que con estas conditiones iuris, faise viable o outorgamento dunha licenza completando extremos dun proxecto non axustado á ordenación urbanística sendo de añadir que tales condicións deben ser introducidas por virtude das esixencias do principio de proporcionalidade, cando a acomodación da petición á legalidade aplicable resulte posible con facilidade e sen alterar a actuación pretendida**"*

A estes efectos como se deduce do informe técnico municipal de data de 17 de xullo de 2009, o local se asusta o proxecto técnico e anexo respecto do que se concederon as licenzas de obra e provisional de actividade.

CONCLUSIÓNS

Este é o parecer non vencellante do informante do que o seu carácter favorable se supedita ao cumprimento das condicións reflectidas nos correspondentes informes técnico e xurídicos.

“A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda :

Primeiro.- Conceder Licenza definitiva de apertura a **don Agustín Delgado Provencio**, para actividade de local para oficina de seguros.

Segundo.- Para a plena efectividade da licenza deberá procederse ao pago da liquidación da taxa por licenza de apertura, actualmente se ha ingresado na tesourería do Concello por un importe 431,96 euros.

GASTOS E FACTURAS VARIAS.-

Vistas as facturas e demais documentos xustificativos das prestacións que se expoñen á fiscalización conforme da Intervención municipal e considerando que, existe crédito orzamentario no orzamento de gastos para o exercicio 2009, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, e en uso das facultades en canto á xestión do gasto conferidas polo RD Lexislativo 2/2004 e RD 500/1990, delegadas pola Presidencia, acorda:

Primeiro.- O recoñecemento e liquidación das obrigas e polos importes que a continuación se expoñen, con imputación ás partidas correspondentes.

ACTIVIDADES ARTISTICAS LA FURA DELS BAUS S.A., completo pago (factura núm. 72/2009) da realización do espectáculo Splash dentro da programación da XXV Edición da M.I.T., por importe de 17.480 euros.

MUNDO MUSICAL GONDOMAR S.L., actuacións de charantas e orquestras na feira do viño 2009, por importe de 7.308 euros.

Segundo.- Comunicar este acordo e ordenar aos servizos de Intervención e Tesourería a súa contabilización e pago.

ORGANIZACIÓN MOSTRA INTERNACIONAL DE TEATRO 2009.-

Dase conta da proposta de Don Anxo Collarte Pérez como Concelleiro de Cultura e Deportes do Concello de Ribadavia, propón a Xunta de Goberno Local a aprobación da contratación de espectáculos teatrais para a Mostra Internacional de Teatro.

“A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda adxudicar os contratos de espectáculos teatrais as empresas que de seguido se detallan e coa aprobación do gasto que se describe: COMPAÑÍA LA ROUS o día 18 de xullo; REPLIKA TEATRO, día 19 de xullo; PRODUCCIONES CACHIVACHE, os días 20 e 21 de xullo; SARABELA TEATRO, ó día 21 de xullo; CENTRO DE ARTE Y PRODUCCIONES TEATRALES S.L. (Atalaya), ó día 20 de xullo; MR. BUNK, día 23 de xullo; ACCION CREADORA Y EMOCION ESTETICA S.L., ó día 23 de xullo; ABRAPALABRA, día 23 de xullo; TEATRO DO MAR, ó día 25 de xullo; CENTRO DE ARTES ESCENICAS S.L., ó día 26 de xullo; TEATRO MERIDIONAL S.L., o día 26 de xullo.

XERACIÓN DE CRÉDITOS N°4/09.-

“A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, presta aprobación o Expediente de xeración de créditos n°4 /09, por importe de 106.596,72 euros con cargo a compromisos firmes doutras Administracións Públicas para financiar gastos que pola natureza son competencia desta Administración Municipal”.

SOLICITUDE DE SUBVENCIONS.-

“A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, o abeiro da Orde do 11 de Xuño de 2009, pola que se aproban as bases que rexesen as subvencións destinadas as entidades locais

de Galicia para a realización de actividades dirixidas a xuventude, para a promoción da información xuvenil e para a incorporación da xuventude as novas tecnoloxias durante o ano 2009 acorda acollerse a devandita Orde e solicitar a correspondente subvención a Consellería de Traballo e Benestar”.

6.- ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-

Non houbo.-

E sendo as dúas e cuarto do mediodía, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario, certifico.

O ALCALDE

O SECRETARIO